

O INCIO

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía, de data 20/06/2016 aprobouse inicialmente o Padrón do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercizo 2016.

O Padrón expónse ao público na Secretaría do Concello por un prazo de QUINCE días, contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Entenderase elevado a definitivo se, transcorrido o dito prazo, non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 24.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para o padrón citado, o comprendido **entre os días 22/06/2016 e 22/08/2016, ambos inclusive.**

Para o cobro dos recibos, aos contribuíntes que os teñan domiciliados seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para o resto dos contribuíntes os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina de Abanca, do Banco Pastor ou no propio Concello. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais para obter un duplicado, xa que a súa recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario iníciase o período executivo que determina o devengo do recargo de apremio, xuros de demora e custos que se produzan, dacordo co establecido nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, procedéndose á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en período voluntario, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

O Incio, 20 de xuño de 2016.- A ALCALDESA, Laura Celeiro García.

R. 1909

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2016, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTROS. (expdte ref: 17-2016).

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** A realización de actividades incluídas dentro da programación da animación sociocultural dos centros de convivencia municipais que conleva o desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre, o servizo de atención e dinamización sociocultural así como a subministración de determinado material funxible preciso para o desenvolvemento das actividades e saídas exteriores e excursións.

b) **Prazo de execución:** o prazo de duración deste contrato será de DOUS ANOS contados a partir da formalización do contrato administrativo (ver cláusula terceira).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimientto:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O valor estimado do contrato é de 574.660,68 euros.

O prezo do contrato para a primeira anualidade ascende a cantidade de 191.553,56 euros, máis o 10% de IVE ó ano (19.155,36 euros), do cal resulta un presuposto máximo de 210.708,92 euros.

5.- Garantías:

a) **Provisional:** non se esixe

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-71-27.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

8.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- **Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

10.- **Gastos dos anuncios:** 68,77 euros que serán por conta dos adxudicatarios

Lugo, 22 de xuño de 2016.- A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 1912

MONDOÑEDO

Anuncio

1.- Entidade adxudicadora: Concello de Mondoñedo.

2.- Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

3.- Obxecto do contrato: Rehabilitación da casa de Alvaro Cunqueiro, sendo o tipo base de licitación de 295.726,44 euros iva incluído.

4.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

5.- Clasificación do contratista: Non se esixe.

6.- Obtención de documentación e información: Na secretaria do Concello de Mondoñedo.

7.- Presentación de ofertas: Dentro do prazo de 26 días naturais, contados a partir do día seguinte ó de publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

8.- Documentación que hai que presentar: A esixida no prego de condicións.